

ITINERARIO

🌀 Recibimento no IES do E.D.N.L. do IES de Nigrán.

✦ Visita da Biblioteca do Centro
✦ Aperitivo
✦ Concerto a cargo dos alumnos de música

🌀 Visita da vila:

✦ Mosteiro de San Rosendo
✦ Capela de San Miguel
✦ Casa de Curros
✦ Paseo polas rúas da vila

🌀 Comida en Celanova.

🌀 Puntos de elevado interese:

✦ Núcleo urbano de Vilanova dos Infantes
✦ Campamento castrexo de Castromao
✦ Capela de Santa Comba
✦ Campamento romano de Aquis Querquennis en Portoquintela
✦ Termas de Ríocaldo
✦ Rota dos muíños de Vilameá

🌀 Regreso á vila de Celanova.

Mapa do Percorrido



IES de NIGRÁN
IES de CELANOVA
Maio do 2008



EQUIPO de
NORMALIZACIÓN e DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA do IES de CELANOVA

COLABORAN:



O MOSTEIRO DE SAN ROSENDO

A vila de Celanova nace arredor do mosteiro de San Salvador, fundado por San Rosendo no século X. O mosteiro actual foi construído no século XVII (rematouse no ano 1687). Da época da fundación só se conserva a capela de San Miguel, unha xoia da arte mozárabe, mandada construír por Froila, irmá de San Rosendo no 936. A fachada da igrexa, terminada no 1681, foi modificada no século XVIII. O mosteiro organízase arredor de dous claustros: O Reglar, do século XVI (decorado no século XVIII en estilo moi barroco); e o Novo ou do Poleiro, que se rematou no 1722, de estilo neoclásico. Este último resulta curioso por unha balconada, “o poleiro” que daba acceso ás celas dos monxes, que na actualidade son aulas do instituto.

A importancia do mosteiro foi extraordinaria: o seu abade tiña o señorío e a xurisdición da vila e doutras vilas de Ourense. O seu señorío chegaba mesmo ata Vigo: o antigo mosteiro de san Salvador de Coruxo xa pertencía en 1152 ós monxes de Celanova, que, ademais, tiñan a propiedade da illa de San Esteban (unha das illas Cíes). En 1378 permutouse Coruxo por Ribadavia, que pertencía á mitra tudense.

O mosteiro tivo múltiples usos durante a súa historia recente: depósito de sal, vivenda particular, cuartel, cárcere durante a guerra civil, colexio rexentado por distintas ordes relixiosas, e foi cedido ó circo “La ciudad de los Muchachos”.

Actualmente dentro das dependencias do mosteiro encóntranse: a casa consistorial, a policía local, a biblioteca municipal, un taller ocupacional e o instituto de secundaria.

VILANOVA DOS INFANTES

Interesantísimo conxunto urbano, de probable orixe castrexa, que conserva o sabor medieval nas súas rúas e casas. O elemento que máis destaca é o seu castelo, do que se conserva a torre da homenaxe, fortaleza do século XII.

Os antigos zapateiros de Vilanova, xuntos cos de Allariz e Noia gozaron de grande fama en Galicia, conservando desta tradición unha particular danza de orixe medieval que honra anualmente o día 15 de setembro, á Virxe do Cristal (especialmente coñecida fóra da zona polo poema que sobre a lenda fixo o poeta celanovés Curros Enríquez).

CASTROMAO

Xacemento arqueolóxico que se encontra no monte situado sobre o lugar de Sta. María de Castromao. Trátase dun recinto fortificado propio da Idade do Ferro. A ocupación da parte superior dataría do século VI ou V a.d.C. e detéctase unha forte presenza romana a partir dos séculos I-II d.C. A panorámica que se divisa é impresionante.

SANTA COMBA DE BANDE

Posúe o templo visigótico ou suevo probablemente de maior importancia en España. Erguida no século VII a igrexa constitúe o resto dun mosteiro feminino adicado a Santa Comba. Nela foron sepultados os restos de San Torcuato polos cristiáns na súa fuxida da invasión árabe.

AQUIS QUERQUENNIS

Campamento romano, fortaleza militar pola que pasaba a III vía romana do Itinerario Antonino.

RÍO CALDO

Termas romanas onde aínda hoxe se pode desfrutar dunha piscina de auga quente.

ROTA DOS MUIÑOS

O río Vilameá pertence á conca do Limia e presenta nas súas marxes un conxunto de tradicionais muíños de auga. A rota transcorre polo borde do parque natural do Xures, e nela podemos atopar restos arqueolóxicos da época romana: está atravesada por tramos da antiga vía romana nº XVIII -Vía Nova- de Braga a Astorga dos séculos II e III d.C.

CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS

A área de Celanova pertence ó bloque central, polo que moitas das súas características dialectais coinciden co galego normativo. Eis algunhas diferencias:

- * Non hai seseo. Si hai gheada pero en claro retroceso.
- * Plurais das rematadas en *-ns* en *-s* (cas, pantalós...)
- * Serie de posesivos en *i-*: iste, ise, aquil.
- * Pronome persoal de 3ª persoa *il*.
- * Mantemento dos grupos *[kwa]* e *[gwa]*: cuatro, guardar